

PROCEDEMENTO: CT302B. Cultura no Camiño 2025

ASUNTO: Resolución da subvención do Programa Cultura no Camiño 2025

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O 12 de febreiro de 2025 (DOG núm. 29), publícase a Resolución do 10 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, de cara o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2025 (CT302B).
2. O artigo 1 das bases reguladoras establece que esta subvención irá destinada a cofinanciar programacións culturais realizadas por entidades locais polas que discorren os diferentes camiños de Santiago para contribuír á promoción das artes escénicas e musicais.
3. O artigo 13 das citadas base recolle que na concesión de subvencións seguirase un procedemento abreviado no que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto da Dirección da Axencia, que o elevará á Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. O mesmo artigo establece que as solicitudes de subvención examínanse e serán outorgadas sempre que cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria ata esgotamento de crédito, por orde cronolóxica, tendo en conta a data de entrada no rexistro. Analízase a solicitude presentada entre o día 28 de abril ata o 05 de maio de 2025 a través do rexistro electrónico da Xunta de Galicia, e relacionada no anexo I.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o Presidente do Consello Reitor da Axencia , de conformidade co disposto no artigo 14 da Resolución do 10 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, de cara o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, debendo ditar resolución expresa no prazo de 15 días, dende a data de elevación da proposta da resolución.

2. O director da Axencia Galega de Industrias Culturais emite informe e presenta a súa proposta de resolución de conformidade co artigo 14 das bases reguladoras o día 05 de maio de 2025.

Examinada a proposta de resolución do director da Axencia Galega das Industrias Culturais, e de conformidade con ela,

RESOLVO:

1. Conceder a subvención á entidade local que cumpre o establecido na convocatoria e que se relaciona no anexo I.

Contra a presente resolución da convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.



b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.

Notifíquese a resolución ás entidades interesadas, de conformidade co establecido na lei de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais

José Carlos López Campos



ANEXO I

SOLICITUDE RECIBIDA E PROPOSTA PARA SER SUBVENCIONADA

Nº REXISTRO	DATA	ENTIDADE	NIF	PROVINCIA	HABITANTES	ORZAMENTO
2025/1199545	30-4-25 12:04	CONCELLO DO DOZÓN	P3601600D	PONTEVEDRA	1028	2.500,00 €

